

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, do 12 de setembro de 2016, sobre a composición das mesas de contratación da Administración do Parlamento de Galicia

Logo de disolverse o Parlamento de Galicia mediante o Decreto 92/2016, do 1 de agosto, procede modificar a composición das mesas de contratación dos procedementos de contratación en trámite, no referente aos seus membros que formaban parte delas na súa condición de membros da Mesa do Parlamento de Galicia.

En consecuencia, a Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia adopta o seguinte acordo:

Modificar a composición das mesas de contratación da Administración do Parlamento de Galicia en relación cos procedementos de contratación en trámite, que quedan integradas polos membros seguintes:

Presidente: o presidente da Mesa da Deputación Permanente.

Vogais:

- A vicepresidenta da Mesa da Deputación Permanente.
- A secretaria da Mesa da Deputación Permanente.
- O letrado oficial maior, ou letrada ou letrado que designe.
- A titular da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento).

Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Régime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario desta unidade administrativa).

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1^a